



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Anuncio de nomeamento de persoal eventual do Concello de Teo

ANUNCIO

De conformidade co previsto no artigo 104 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o pleno do concello, na sesión plenaria do 31 de xaneiro de 2024, acordou crear un posto de persoal eventual, baixo a denominación de Secretaría da Alcaldía, fixando as características e retribucións que se indican:

DENOMINACIÓN DO POSTO.- SECRETARÍA DA ALCALDÍA

NÚMERO DE POSTOS.- 1

CARACTERÍSTICAS.- Cargo de confianza da Alcaldía a quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que a/o nomeou.

A súa función será asistir á Alcaldía no desenvolvemento de todas as funcións propias do ámbito das súas responsabilidades políticas, xestionando as relacións da Alcaldía coa cidadanía e os colectivos veciñais e realizando tarefas administrativas de trámite e colaboración.

RETRIBUCIÓN.- 30.691,95€ brutos anuais.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionario do Concello, e percibiranse en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Por Resolución da Alcaldía do 11 de marzo de 2024 (Res. 308/24) resolveuse o nomeamento de D.^a Eva M^a Míguez Fandiño, DNI *** 9041** como persoal eventual, para o posto de traballo de “SECRETARÍA DA ALCALDÍA” reservado a persoal eventual, coas atribucións que figuran na descrición do posto e con efectos do día 11 de marzo de 2024.

O persoal eventual nomeado, poderá ser cesado libremente por esta Alcaldía e cesará automaticamente cando a alcaldesa cese ou expire o seu mandato, non implicando este nomeamento mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna.

Teo, 12 de marzo de 2024.

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz

2024/1715